



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 04/05/2021 acordou:

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2020 DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”. EXPTE. 13412/407.

Antecedentes:

O 29/04/2021 o xerente e a vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo emiten o seguinte informa:

“Unha vez formada a Conta Xeral deste Organismo Autónomo, correspondente ao exercicio 2020, a efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, proponse ao Consello da Xerencia (competente de acordo co previsto no artigo 11.1.h) dos vixentes Estatutos), a adopción do seguinte acordo:

Propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación, previo informe da Comisión Especial de Contas, da Conta Xeral do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”, correspondente ó exercicio 2020, integrada -conforme coas determinacións da Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local- polos seguintes documentos:

- a) BALANCE.
- b) CONTA RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL.
- c) ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.
- d) ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.
- e) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO.
- f) MEMORIA.

Unha vez tomada en consideración, remitir a mesma para a súa tramitación xuntamente coa da entidade para a súa aprobación polo Pleno da Corporación.”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 3 votos: 1 do PP: Sr. González Castillo, 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa e 1 do concelleiro non adscrito: Sr. Pérez Iglesias.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

A FAVOR: 7 votos do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, conforme ao cómputo de votos establecido na sesión constitutiva de data 11/07/2019, dictamina favorablemente o presente informe e propón ao Pleno a adopción do acordo que se contén na parte que antecede.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez

